

EDITORIAL

Manuel Murguía é sen dúbida unha das figuras claves no *rexurdimento* da nosa cultura, un movemento dado a finais do século XIX cuxa característica máis representativa foi o uso da lingua galega como motor de recuperación das nosas marcas de identidade, e que comezou coa publicación dos *Cantares gallegos* da gran Rosalía de Castro, coa que ademais estivo casado o señor Murguía.

Ademais disto, navegando na rede achamos un artigo ó redor do mito do Monte Medulio e da súa posible localización nos montes do Courel. Unha lectura que agardamos vos resulte interesante.

Saúdos.



INDICE

- Persoeiro do mes : Manuel Murguía.
- Axenda Cultural.
- Artigo: Sobre o Courel e o Monte medulio.

PERSOeiro DO MES : Manuel Murguía.




Manuel Murguía era fillo de dona Concepción Murguía Egaña e don Juan Martínez de Castro. Este era farmacéutico na rúa Garás da Coruña e estableceuse despois, seguramente en 1837, en Santiago de Compostela. Será neste lugar precisamente onde o neno Manuel Murguía presencie os sucesos do 23 de abril de 1846, que el narrará máis tarde nun artigo titulado "La Voz de Galicia" cun enorme sentimento; é de supoñer que este episodio da historia de Galiza influíu na ideoloxía romántico-liberal do rapaz.

A partir de 1845 comezou a estudar bacharelato na universidade, concluíndo o bacharel en filosofía en 1850, e ó mesmo tempo o preparatorio de farmacia, que iniciou por desexo do pai. Mais Murguía tivo moi claros os seus gustos, e así, o interese pola literatura e a historia fixérono abandonar a carreira para dedicarse plenamente ao seu labor de escritor e investigador. Nestes anos a vida cultural de Santiago xiraba entorno ao "Liceo de la Juventud", onde se daban cita estudantes e intelectuais como Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre e Rosalía de Castro.

Murguía relacionouse en Madrid, onde se trasladara en 1850 para estudar Farmacia, con intelectuais como os irmáns Valeriano e Gustavo Adolfo Bécquer, Alejandro Chao. En 1854 Murguía publicou o seu primeiro texto en galego, o 1 de xuño, no álbum de Elena Avendaño, unhas seguidillas tituladas a "Nena das Soidades". En 1855 publica, por entregas, a súa primeira novela Desde el cielo. Murguía seguiu colaborando en xornais e revistas madrileñas da época como La Iberia e Las Novedades, nos que acadou moito éxito - o que lle permitiu publicar folletíns con obras como "Mientras Duerme", "Mi madre Antonia", "El Ángel de la Muerte" e "Los Lirios Blancos".

Tamén coñeceu en Madrid a Rosalía de Castro e tamén colaborou en xornais galegos como La Oliva. Escribiu unha crítica de La Flor, o primeiro poemario de Rosalía e a relación entre ambos os dous foise estreitando ata o punto de ennoivaren, e o 10 de outubro de 1858 casaron na madrileña igrexa de San Idelfonso. É indubidábel que Murguía foi unha peza de apoio intelectual e social para Rosalía. Dende o principio, animouna na súa carreira literaria e na publicación de obras como Cantares Gallegos, considerada o inicio do Rexurdimento literario galego, e mesmo chegou a publicar algunha obra súa sen o seu consentimento.



Manuel Murguía con Rosalía de Castro e os seus fillos

Algo que debemos considerar como o primeiro puntal do Rexurdimento foi o cambio operado en Murguía cando deixou o labor creativo, tras acadar un grande éxito, para se dedicar por completo á investigación histórica e á divulgación desta, así como a difundir o ideario político xurdido, principalmente, das súas investigacións.

En 1859 o matrimonio trasladouse a Santiago de Compostela, e con motivo do nacemento da súa primeira filla, en maio, publicou La Primera Luz, un libro de lecturas escolares estruturado en vinte temas de historia e xeografía, que o Ministerio de Fomento recomendou para o ensino nas escolas de Galiza. Esta obra foi reeditada en Lugo en 1868.

En 1862 Murguía rematou o seu Diccionario de escritores Gallegos e en 1865 editou o primeiro tomo da súa Historia de Galicia. Na revolución de setembro 1868 foi secretario da Xunta Revolucionaria de Santiago e despois nomeado director do Arquivo de Simancas, en 1870 xefe do Arquivo Xeral de Galicia ata 1875, foi director de La Ilustración Gallega y Asturiana (1879) e máis tarde, no 1885, Cronista Xeral do Reino. No 86 (ao ano de morrer Rosalía) publicou Los precursores, obra na que fai unha descrición de varios personaxes da vida cultural galega. No ano 1890, Murguía dirixiu xunto con Alfredo Brañas La Patria Gallega, boletín onde se deron as primeiras claves do que ía ser co tempo o pensamento rexionalista galego. Tamén neste mesmo ano Murguía publicou durante uns Xogos Florais en Barcelona un discurso que foi moi aplaudido e que fixo que o nomeasen "Mestre en Gay Saber". Neste discurso fala do sentimento histórico e cultural diferenciador de Galiza. Foi

nomeado presidente da Asociación Rexionalista Galega (ARG), a primeira organización política de signo decididamente galeguista. Nos Xogos Florais de Tui de 1891, organizados pola ARG, faríase reivindicación do uso público do galego, lingua en que Murguía pronunciaría o discurso inaugural.

¡O noso idioma!, o que falaron nosos pais e vamos esquecendo, o que falan os aldeáns e nós achamos a punto de non entendelo.

En 1892 foi destinado á Biblioteca Universitaria de Santiago posto que exercería ata a súa xubilación en 1905.

Con 72 anos xorde en Murguía a idea de crear unha Academia Galega da Lingua, idea que comunicou a outros escritores que se daban cita nunha librería da Coruña coñecida co nome de A Cova Céltica. Tamén en Murguía xurdiu a teima de crear un dicionario da lingua galega, porque se sentía falta de vocabulario; se cadra, a inexistencia deste dicionario foi determinante para que a súa obra en galego fose tan escasa. O día 25 de agosto de 1906 aprobouse a creación da Real Academia Galega, que presidiría ata á súa morte.



Enterro de Murguía

Manuel Murguía finou o 1 de febreiro de 1923, na súa casa de rúa de Santo Agostiño da Coruña, sendo soterrado no camposanto de San Amaro. A revista da Asociación Galega de Historiadores chámase Murguía na súa honra.

No ano 2000 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.

AXENDA CULTURAL : Maio.

Cervexería Encontro

- Venres 10, as 00:00 : Rodrigo Valiente
- Venres 17, as 00:00 : Skirl (acustico)



Auditorio



- Domingo 5, as 20:00 : monologo de Pablo Chichas
- Domingo 12, as 20:00 : actuación de "Amigos do Acordeón Rias Baixas"
- Domingo 19, as 19:00 : Educateatro presenta a obra "Os tres proquiños".
- Domingo 25, as 20:00 teatro da compañía Malasombra, coa obra titulada DEP

ARTIGOS : Sobre o Courel e o Monte medulio.

(Artigo sacado da web serradocourel.es)


Un pouco de Historia:

Ata o ano 27 a.C., case douscentos anos despois de entrar os romanos na Península Ibérica, e logo de múltiples intentos, estes non podían cos nativos que habitaban os montes do que é hoxe Cantabria, Asturias e a Galicia Oriental. Aquí atopábanse importantísimos xacementos de ouro que Roma codiciaba con disimulo.

Difamaron ó inimigo, reclutaron mercenarios por todo o Imperio, engraxaron a maquinaria de guerra e equiparon o maior exército de toda a historia de Roma. O emperador César Augusto xogouse todo a unha; él en persoa, presentouse na Hispania ó mando de tódolos exércitos. A parte do ouro, estaba obsesionado con emular a seu tío Julio César na conquista das Galias (Francia).

As mellores lexións tiñan ó fronte os mellores legados: Antistio, Furnio, Carisio e Agripa. A flota de guerra romana ía varrendo dende a costa Atlántica e Cantábrica.

Ós nativos gustáballes a táctica da guerrilla e as emboscadas, ós romanos as operacións envolventes atacando dende varios flancos. Despois de múltiples escaramuzas, os Cántabros retiráronse ó Monte Araceli, os Astures ó Monte Vindio e os Galaicos ó Monte Medulio.




O Monte Medulio, que aínda non está localizado, sitúano os historiadores cerca do río Miño (ou Sil). Posiblemente na primavera do ano 26 a. C. tres columnas atacaron este monte por tres flancos: Furnio polo Sil, viña dende Os Peares río arriba; Carisio que viña dende Astorga, polo Bierzo; Paulo Fabio Máximo, saíu de Lugo e atacou pola Serra do Rañadoiro e o Cebreiro. O camiño cara o Monte Medulio foi terrible: graves e duros combates, nun terreo plagado de matogueiras con ferintes espiñas, enormes precipicios, estreitos desfiladeiros de profundidade abismal e abundantes e espesas selvas.

Os romanos non se atreveron a atacar o Medulio, decidíronse polo asedio, para iso completaron un foxo ó redor deste, de 25 quilómetros de lonxitude, co seu correspondente valado de paus, vixiado día e noite polos soldados romanos.

Cando os nativos se deron conta da súa extrema situación, ou se entregaban ou morrían de fame, apresuráronse a buscar a morte no medio de banquetes, polo

lume, polo ferro e polo veneno que obtiñan ó espremer as piñotas cocidas dos teixos. Así, case todos libráronse da escravitude, que para eles era peor cá morte.



Os porqués desta hipótese que sitúa ó monte medulio no corazón do caurel:

Caurel, entre o Sil e o Miño. A Serra do Caurel ocupa a parte central dun macizo montañoso que está situado na parte oriental da provincia de Lugo e na occidental do Bierzo; delimitado por: o río Valcarce ata a súa desembocadura no Burbia; por este río, dende aquí, ata a confluencia co Sil; por este, dende aquí ata a desembocadura do Lor; sobe por este ata a confluencia co Loureiro; por este ata o seo nacemento na Serra da pena Redonda, pola Serra do Oribio, Serra do Rañadoiro e polos Montes do Cebreiro. A Serra do Caurel divide este macizo en dúas partes case iguais; levántase case de súpeto, na marxe dereito do río Valcarce e morre na marxe dereita do Sil, preto da desembocadura do Lor; segue unha dirección noroeste- surlleste.

No centro do Caurel. Case á metade da serra, á altura da Cabeza do Couto, nace unha estribación que segue dirección noroeste. Antes de rematar de súpeto no río Lor bifúrcase en dúas subestribacións: o Monte Campelo e o Monte Cido.

Esta estribación está delimitada polo río de Moreda, o río de Romeor, o río Lor entre as desembocaduras dos anteriores e por un foxo que a separa da serra nai. Este foxo arranca no río de Moreda, na confluencia do Carrozo de Pelodorríos, pasa preto das cabanas de Moreda Maior, fai cume nas Penas Míllaras e descende ata ó Carrozo da Escada que aflúe no río Romeor (Rego de Moreira). O total de foxo e ríos suma unha distancia de máis de vinte quilómetros. Este foxo correspondería á primeira fase do ataque.



Atacar o Monte de Campelo non debeu ser moi difícil, os nativos refuxiaríanse todos eles no inexpugnable Monte Cido. Os romanos acertaron o cerco construindo outro foxo que enlazaba o río de Moreda co Carrozo (cauce seco) de Muiñelo (pasa preto do Castelo do Carbedo), sempre a pouca distancia deste monte (300 metros). Este foxo discorre polo leste de Cido durante un quilómetro

A cunca.

Boletín Cultural da Asociación Herminio Barreiro

e medio e polo norte case cincocentos metros. está escavado na rocha, nalgúns sitios chega ater unha anchura de seis metros e unha profundidade de cinco. É coñecido co nome de Carrozo da Gralleira. O foxo arranca do río de Moreda, á altura da aldea a atravesa esta. Sobe ladeira arriba, pasa pola esquerda da atalaia do Horto Redondo. Cruza á estrada de Visuña e cando chega á atalaia das Penas Míllaras, torce á esquerda e baixa ó Carrozo de Muiñelo, este pasa preto do Castelo do carbedo e remata no Lor á altura de Esperante. Suponse que os romanos, sempre que coincidía, aproveitaron os encaixados leitos de ríos e regatos.



Cido é un monte mítico entre os veciños das aldeas da redonda. O seu étimo pode ser occidio (matanza, carnicería), caedere (matar), nin occido (de occidere = matar...), posibilidade aceptada polo profesor da U.S.C, Sr. Moralejo.


Lomba alargada (tres quilómetros) e estreita, nace de súpeto na Ferrería (759 metros), ascende suave ó Monte de Campelo onde morre (1009 metros). No máis

alto está o Castro, que con máis de tres quilómetros de perímetro é dos máis extensos de Galicia.

Todo el en rocha caliza, cheo do covas e buratos, labirintos de penedos, enormes chairas afundidas na pedra nai que facían de (dolinas),..., a súa ermida derruida entre rebolos e aciñeiras. Suponse cheo de grandes cavidades subterráneas que din que "brúan cando cambia o tempo". Está cruzado de atallos e carreiros encaixados na rocha que unen os lugares circundantes: Campelo, Visuña, Moreda, Parada, Ferrería, Seoane, Esperante, Carbedo, Liñariños e o Castelo do Carbedo.

Veciños do Carbedo atoparon aquí unha águia de bronce dun estandarte romano e unha táboa de hospitalidade (Dos Lougei, 28 d.C) que se conserva no Museo Provincial de Lugo.

Tábula Lougeiorum, máis antiga e menos ornamentada que a anterior, é do ano I da nosa era, pertence tamén os Lougei. Presuntamente, foi encontrada por un tal J. Cajade, no ano 1983, durante unha viaxe que fixo ó Caurel, posiblemente estivo en Cido; acabábase de publicar un libro do Caurel (El Caurel. Excavaciones Arqueológicas en España nº 110) , onde se daba información detallada deste monte e de dous achados: a Águia e a Tésera do Carbedo. Está depositada no Museo Arqueolóxico da Coruña (Castelo de San Antón).



A cunca.

Boletín Cultural da Asociación Herminio Barreiro

Non só a Mina da Toca, pódese dicir que na antigüidade, todo o Caurel foi unha gran mina. Ouro, prata, ferro, antimonio, estaño tungsteno,...foron transportados seguindo o curso dos ríos Navia e Lor-Sil-Miño ata o Mar Cantábrico e o Océano Atlántico, onde os pobos que se adicaban ó comercio tiñan as súas prazas. Inmensas cortas nos montes: Toca, Barreiro, Toribio, Millares, Taro Branco, Lampas, Visuña, Moreda Maior, Parada, Rogueira, Vieiros, Seara, Barrosas, Froxán, rendar, Barxa de Lor, Folgoso, Riocereixa, Pena do Seo, Faro, Formigueiros e Queixadoiro. Minas subterráneas: Santalla de Louzara, Bustofrio, Sobredo, Ferreirós e Folgoso. Nos leitos dos ríos: Lor, Selmo e Louzara. O meandro do Lor "cortado " do Castro de Megoxe. As augas turbas delataron ós nativos e os romanos non descansaron ata facerse cos filóns.



Ainda que pouco estudiado o macizo montañoso no que se atopa o Caurel conta con unha das maiores densidades do covas e castros de Galicia. recentemente encontraronse multitude de túmulos funerarios, aínda que a maioría foron barridos polas excavadoras que abriron os cortalumes seguindo os cerengos dos cordais dos montes. Na Cova do Oso de Moreda atopouse cerámica de máis de dez mil anos de antigüidade.